

## ANUNCIO

### RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS – PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS (AGAR0208) DO “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE DE GOIÁNS IV - BOIRO

Transcríbese a continuación a resolución de alcaldía de data 20/11/2024 donde consta a relación provisional de persoas admitidas e excluídas:

**ASUNTO:** LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS (AGAR0208) DO “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE DE GOIÁNS IV - BOIRO”

Por Resolución de alcaldía de data 28/10/2024 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS IV – BOIRO”.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal).

O 18/11/2024 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 6 solicitudes para o posto de Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Visto canto antecede **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Declarar provisionalmente admitidas no proceso selectivo destinado á selección de Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 do “Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns IV – Boiro”, convocado por Resolución de Alcaldía de data de 28/10/2024, ás seguintes persoas por ter presentada en forma e prazo a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NIF	NOME	PROBA DE GALEGO
45937	ANA CRISTINA HERNAN	NON EXENTO
52935	EMILIO SABORIDO FER	EXENTO
09365	JOSE ELADIO GARCIA P	NON EXENTO
53795	NATALIA BUELA S	EXENTO
33264	SANTIAGO LIÑEIRA C	EXENTO

**Segundo.-** Declarar provisionalmente excluídas no proceso selectivo destinado á selección de Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 do “Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns IV – Boiro” , convocado por



Resolución de Alcaldía de data de 28/10/2024 ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

NIF	Nome	Motivo da exclusión
35472	PABLO JOSE PORTA M	Non xustifica bonificación / abono da taxa.

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dispoñendo as persoas aspirantes excluídas dun **prazo de 2 días naturais**, a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Cuarto.-** Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente: Martín Blanco Buceta (Suplente: Margarita Sampedro Mariño)

Secretaria: María Mariño Poza (Suplente: Severino Abalo Chouza)

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego (Suplente: Emilio Piña Ordiz)

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez (Suplente: Joaquina Lomba Fernández)

Vogal 3: Alberto García Sánchez (Suplente: Andrés Coira Silva)

**Quinto.-** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello así coma na web oficial do Concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e **convocar a todas as persoas aspirantes para o vindeiro MARTES 26/11/2024 ás 09,00 h.** no salón de plenos da Casa Consistorial de Boiro para a realización da fase de oposición, así como a realización da proba de lingua galega para aqueles candidatos que non acreditaron estar en posesión do Celga 4.

**Sexto.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O alcalde do Concello de Boiro

